

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A intensa actividade social que xera o barrio do Castiñeiriño fixo que o Concello de Santiago, en sesión plenaria do mes de xaneiro de 2011, acordase por unanimidade a ampliación de usos do antigo CEIP Ramón Cabanillas, logo do traslado da actividade docente ao novo centro educativo construído en Pontepedriña.

Deste xeito, ampliábase a oferta do espazo con destino a actividades culturais e deportivas que se mantiña no novo e cercano Centro Sociocultural Agustín Bueno, que se mostraba incapaz de satisfacer as necesidades existentes na contorna.

Daquela, hai catro anos, considerouse que as vellas instalacións educativas “tanto pola súa estrutura e distribución como polo seu estado de conservación”, reunían as condicións para darlle resposta, cuns custos mínimos para o Concello, a algunhas destas necesidades e demandas. Ademais, de que “a súa utilización repercutirá positivamente na conservación e mantemento do edificio”.

Lograda a desafectación educativa das instalacións e a autorización plenaria da ampliación dos usos previstos no Plan Xeral para a parcela, o edificio comezou a prestar o seu servizo como un centro sociocultural alternativo.

Desde entón, foron moitas as agrupacións que radicaron a súa actividade neste inmoble da rúa do Castiñeiriño. Entre eles, a histórica agrupación folclórica “Cantigas e Agarimos” que se aproxima ao seu 85 aniversario, a emblemática Asociación de Teatro de Cámara “Ditea” ou a asociación cultural “Trópico de Grelos”, entre outras moitas agrupacións veciñais, culturais ou deportivas.

O paso do tempo fixo que aquel estado de conservación do edificio, que se consideraba axeitado en 2011 para esta finalidade cultural, fose reclamando algunhas melloras das que durante o pasado mandato se tomou conciencia por parte do Goberno municipal.

Conforme a iso, fóronse dando os pasos necesarios para afrontar as demandas que se consideraban prioritarias: en primeiro lugar, a adaptación dos baños e dun baño específico para persoas con discapacidade; e, en segundo lugar, a reposición da cuberta do edificio.

No caso dos baños, estes están obsoletos e non se adaptan á normativa vixente, impedindo que persoas con discapacidade poidan utilizalos.

No caso da cuberta, o deterioro que está a sufrir o edificio por causa das humidades e o confort necesario nunha instalación que alberga a tantos colectivos culturais, fai precisa, entre outras melloras, a reparación de cuberta e o seu acondicionamento con tella da que actualmente carece.

Estas dúas actuacións foron orzamentadas en 28.532 euros (22.281 euros a cuberta e 6.251 a adaptación dos baños) e para a súa execución estaban pendentes da supervisión e informe do arquitecto municipal, que daquela non puido atender os requirimentos para a súa pronta execución pola acumulación de traballo existente no seu departamento.

Estes pormenores e estas circunstancias foron expostas e detalladas no informe sobre asuntos pendentes que se lle achegou ao novo Goberno municipal, xurdido das eleccións do pasado mes de maio.

Como queira que xa van transcorridos máis de 4 meses da toma de posesión da nova Corporación sen que teñamos constancia de ningún avance nestas obras, nin sequera do anuncio de ningún cambio nin modificación, como nos ten acostumados o Goberno; e tendo en conta que se trata de obras especialmente necesarias -como no caso da cuberta- cando se achega o mal tempo, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno insta ao órgano do Goberno municipal competente para que redacte un plan de melloras necesarias e urxentes do antigo Colexio Ramón Cabanillas, hoxe local de usos socioculturais, para levar a cabo ao longo do vindeiro ano e que acometa, á maior brevidade posible, as obras de reparación da cuberta deste contedor cultural; así como a mellora dos baños e a adaptación dun deles para persoas con discapacidade, de acordo coa normativa vixente.

Santiago de Compostela, a 26 de outubro de 2015.



María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela